

RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2007

Ás 10:00 horas, en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, presidida polo Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Xustifican a súa ausencia o Sr. Ferreiro Baamonde, Sr. Simón López, Sr. Caparros Esperante, Sr. Fernández López, Sr. Graña López, Sr. Cao Abad, Sr. Pena Atras e o Sr. González Laxe.

1. CALENDARIO DO CURSO ACADÉMICO 2007/2008

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica para que informe os membros do Consello de Goberno da proposta de calendario do curso académico 2007/2008, que figura no **ANEXO II**. Comeza a súa intervención indicando que esta proposta é similar á de cursos anteriores, se ben ofrece algúns cambios que son consecuencia dos días festivos do propio ano 2008, que necesariamente hai que ter en conta. De igual xeito que en cursos académicos anteriores, a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas presenta algunhas singularidades en materia de realización das probas académicas correspondentes ao primeiro cuatrimestre, que se concentran nunha semana, sempre co obxectivo de comezar con antelación o segundo cuatrimestre e poder rematalo antes, de tal xeito que sexa posible que o estudantado inicie a realización das prácticas específicas que se esixen na súa titulación. Trátase dunha proposta que foi informada positivamente pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.

A proposta de calendario do curso académico 2007/2008 **apróbbase** por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

2. PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado para que informe os membros do Consello de Goberno deste punto concreto da orde do día. O Sr. Vicerreitor de Profesorado comeza a súa intervención indicando que un dos motivos polo que se convocou esta sesión do Consello de Goberno, con carácter extraordinario, foi a inminente entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro porque, entre outras cousas, suprime a figura do profesorado colaborador. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor de Profesorado, trátase de facer unha convocatoria pública de prazas de profesorado que teña en conta as diferentes figuras existentes. Concretamente, trátase de proceder á sétima convocatoria de prazas de colaborador ao abeiro do establecido nas disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña; de convocar prazas que son consecuencia da modificación da relación de postos de traballo e non das disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se ofertan tendo en conta a docencia da área de coñecemento e as condicións de doutor ou de que se depositase a tese de doutoramento; e finalmente, da convocatoria de prazas de promoción para o persoal docente e investigador habilitado, consonte ao programa de promoción do persoal docente e investigador habilitado que foi aprobado por acordo do Consello de Goberno do día 26 de xaneiro de 2006, e que deben ser comunicadas ao Consello de Universidades antes do día 10 de maio de 2007.

A respecto da solicitude de prazas de promoción para o persoal docente e investigador, o Sr. Vicerreitor de Profesorado céntrase no da area de coñecemento de Química Inorgánica, en que, por aplicación da normativa universitaria antes mencionada, se esixe estar a posesión de tres sexenios. O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa os membros do Consello de Goberno de que, por unanimidade, a Comisión de Organización Académica e Profesorado, na súa sesión do día 23 de abril de 2007, resolveu informar favorablemente o caso da profesora Señaris Rodríguez, que ten dous sexenios concedidos e un solicitado, mais sempre condicionando a súa decisión a que a profesora Señaris Rodríguez obteña o terceiro sexenio que xa ten solicitado, de tal xeito que a praza só sería convocada se se lle reconece o terceiro tramo de investigación. Por contra, a Comisión de Organización Académica e Profesorado acorda informar negativamente o caso concreto do profesor De Blas Varela, que non cumpre o requisito de

estar en posesión de tres sexenios, pois actualmente só ten recoñecidos dous e non ten solicitado un terceiro.

Tendo en conta os informes da Comisión de Organización Académica e Profesorado, o Sr. De Blas Varela formalizou un escrito de alegacións dirixido ao Sr. Reitor, solicitándolle que se lea nesta sesión do Consello do Goberno. O Sr. Secretario Xeral, por orde do Sr. Reitor, le o escrito do Sr. De Blas Varela. Despois de que o Sr. Secretario Xeral rematase a lectura, o Sr. Vicerreitor de Profesorado retoma a palabra para responder ao escrito do Sr. De Blas Varela, basándose na normativa que regula o programa de promoción do persoal docente e investigador habilitado, cuxa aplicación ao caso concreto da área de coñecemento Química Inorgánica determina que nesta, tendo en conta a súa realidade investigadora, é necesario o requisito dos tres sexenios para poder promocionar, e non resulta oportuno non aplicar ou modificar a normativa en cuestión para este caso concreto, pois non sería correcto precisamente desde o momento en que xa se aplicou noutras ocasións.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen entende que, sempre sobre a aplicación do programa de promoción do persoal docente e investigador habilitado, nos dous casos concretos en que se centrou o Sr. Vicerreitor de Profesorado non se cumpre a normativa aprobada para tales efectos polo Consello de Goberno, sempre que se aplique en sentido estrito e non se fagan excepcións. Ademais, considera que esta normativa é incompleta porque só ten en conta o criterio dos sexenios, que presenta problemas na súa aplicación e non repara noutros aspectos curriculares dos solicitantes, á parte do feito de que se trata de persoas xa habilitadas e de que o proceso para a habilitación, que xa é duro, pode complicarse moito máis coa normativa específica da nosa universidade.

En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinala que este sistema é consecuencia da LOU e do sistema de habilitación que se impuxo con ela. Entende que, actualmente, o criterio do sexenio é bo e que non existen problemas na súa aplicación, porque se aplican redondeándose, evitándose así a existencia de fraccións de sexenios. Remata a súa intervención afirmando que non existe aquí ningunha excepción na aplicación da norma, porque a solicitude da profesora Señarís Rodríguez se aproba coa condición de que obteña o terceiro sexenio que xa solicitou, cuxa resolución, no caso

de ser positiva, ten efectos desde a formalización da solicitude, de tal xeito que non vai ser convocado o concurso de acceso até que non obteña o terceiro sexenio en cuestión.

O Sr. Delgado Martín, ante a negativa a que se entenda que os dous profesores en cuestión da área de coñecemento Química Inorgánica cumpren os requisitos e que se convoquen as dúas prazas de promoción, desexa que se faga constar en acta o seu voto en contra da solicitude de prazas de promoción para o persoal docente e investigador habilitado.

Apróbase, por asentimento dos membros do Consello de Goberno, a proposta de prazas que figuran nos **ANEXOS III, IV e V**. No caso concreto das prazas de promoción para o persoal docente e investigador que se recollen no **ANEXO V**, o Sr. Delgado Martín vota en contra polas razóns anteriormente indicadas.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 h.